

PROXECTO LINGÜÍSTICO

[Seleccione la fecha]

1. OBXECTIVOS

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade da Lingua Galega e da Lingua Castelá como linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible tanto nas horas semanais como nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais.
- Promover o uso normal e a dinamización da Lingua Galega, oralmente e por escrito, para favorecer un cambio de tendencia na súa consideración social e afectiva.
- Conseguir a implicación das familias na promoción e consideración social da Lingua Galega.
- Evitar calquera discriminación por razón da lingua.
- Garantir que as actividades complementarias sexan, na súa totalidade, en Lingua Galega, agás aquelas nas que os participantes non se poidan adaptar.
- Normalizar e favorecer o uso do galego non só na relación profesorado-alumnado, senón tamén con toda a comunidade educativa.
- Buscar estratexias por parte do profesorado que promovan o uso oral da lingua no contexto escolar/educativo.
- Divulgar e participar en xogos, festas e demais tradicións propias da cultura galega.
- Respetar a Lingua Galega nas formacións do profesorado, agás naquelas situacións nas que o contido e/ou participantes da formación non o permitan.

2. ASPECTOS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

2.1 Distribución das materias en Lingua Galega e Lingua Castelá:

En Galego en 1º e 3º EP:

Lingua Galega
Ciencias Sociais
Ciencias Naturais
Música
Plástica

En Castelán en 1º e 3º EP:

Lingua Castelá
Matemáticas
Relixión/Valores
Educación Física

En Galego en 2º, 4º, 5º e 6º EP :

Lingua Galega
Ciencias Sociais
Ciencias Naturais
Música
Plástica
Educación Física

En Castelán en 2º, 4º, 5º e 6º EP :

Lingua Castelá
Matemáticas
Relixión/Valores

2.2 Medidas de atención á diversidade que permitan atender ó alumnado, que non teña dominio suficiente nas linguas para seguir co aproveitamento das ensinanzas:

a) Apoios

Os apoios levaranse a cabo tendo en conta as características do alumnado, tal e como se recolle no PXAD, polo que o profesorado que realizará eses apoios será o de internivel, o profesorado con dispoñibilidade horaria, e especialistas de PT e AL.

Os apoios necesarios promoverán a adquisición da competencia lingüística, procurando unha comunicación eficaz en calquera das linguas. En todo caso, reforzase a comprensión oral e escrita, fomentando posteriormente a produción en diferentes canles.

b) Programas de reforzo nas linguas

Tendo en conta as posibilidades organizativas do centro, poderanse deseñar programas destinados ó fomento e uso das linguas dentro das accións da aula ordinaria. Estes programas poderán levarse a cabo polo profesorado titor, en colaboración co profesorado de apoio.

Estes programas promoverán a adquisición da competencia lingüística, procurando unha comunicación eficaz en calquera das linguas. A través deles, reforzase a comprensión oral e escrita, fomentando posteriormente a produción en diferentes canles. Ditos programas deberán enmarcarse dentro das PD, desenvolvéndose dun xeito integrado na acción educativa ordinaria.

c) Exención da Lingua Galega

Seguindo o recollido na Orde de 10 de febreiro de 2014, o alumnado que se incorpore a 5º ou 6º de EP procedente de fóra da Comunidade Autónoma, sempre que cumpra coas condicións establecidas, poderá solicitar a exención da calificación da área de LG.

Tal e como se recolle na lexislación, fomentase a súa participación e seguemento das actividades na aula, procurando a achega ó coñecemento e manexo da lingua.

d) Outras medidas a desenvolver

Poderanse solicitar aquelas accións promovidas pola Consellería que pretendan o fomento das linguas, como poden ser algunhas liñas dos Contratos-programa, ou outras vinculadas ó Plan LIA.

2.3 Liñas de actuación para o fomento da Lingua Galega

a) Conmemoracións e actividades complementarias

Tal e como se recolle nos obxectivos deste plan, as actividades complementarias e conmemoracións levadas a cabo serán un dos fíos potenciadores da LG.

A coordinación entre os equipos Biblioteca, EDLG e o EACE permite o emprego da lingua galega nas actividades propostas en relación ás conmemoracións recollidas no calendario escolar, así como noutras actividades propias do centro.

Neste senso, debemos destacar as actividades con maior peso na comunidade educativa, como son a celebración da Semana Cultural, o Magosto, o Entroido, as Letras Galegas, a convivencia nos Xogos Populares.

En todo caso, procurarase o emprego da LG en todas as actividades complementarias, agás naquelas situacións que non o permitan.

b) Coordinación dos Equipos e dinamizacións

Os equipos e dinamizacións cos que conta o centro coordinaranse de xeito que as actividades por cada un deles contribúan ó fomento da LG, sen duplicar ou repetir as actividades e esforzos.

Todas as actividades propostas polos diferentes equipos pretenderán, como un dos seus obxectivos, o desenvolvemento da LG no alumnado dun xeito indirecto e atractivo.

c) Actividades relacionadas co desenvolvemento curricular

Contribuíndo ó desenvolvemento do currículo de todas as áreas, e tendo en conta a lingua de referencia en cada unha delas, fomentárase a LG como vehículo de expresión das producións do alumnado, tanto oral como escrita, sempre que teñan impacto socialmente relevante.

3. CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

3.1 Criterios metodolóxicos comúns

1. Deseño de actividades integradas a través dunha metodoloxía por proxectos.
2. Potenciación do traballo en equipo.
3. Prioridade á comprensión oral e escrita, para poder acadar unha eficaz expresión oral e escrita.
4. Adquisición da lectoescritura en todas as linguas.
5. Combinación das tres linguas no itinerario lector e intercambio de libros internivel.

3.2 Tratamento que se lles dará ós contidos, criterios e estándares das materias lingüísticas para evitar repeticións dos aspectos comúns

- Dentro das áreas de linguas, establecerase unha repartición para non repetir os contidos, aproveitando os aspectos gramaticais, ortográficos e lingüísticos coincidentes entre as mesmas.
- Equiparación da avaliación dos estándares de aprendizaxe nas tres linguas en aspectos coincidentes, sempre que sexa posible.
- O peso na calificación dos estándares coincidentes nas diversas linguas deberá ser igualitario, independentemente do seu tratamento.
- As PD concretarán aqueles aspectos referidos ó *Currículo Integrado de Linguas*, reflectíndoos nese mesmo punto.

Para desenvolver o Currículo Integrado das Linguas de forma efectiva o profesorado poderá tomar decisións en canto á organización do proceso educativo, evitando a reiteración e/ou repetición de explicacións de aspectos comúns nas linguas.

O traballo de aspectos lingüísticos a través de exercicios mecánicos de resposta única repartirase nas linguas, procurando afianzar a aprendizaxe a través de propostas abertas e competenciais (actividades creativas de expresión tanto oral como escrita: creación de noticias, contos, improvisacións, presentacións, entre outras).

Farase fincapé naqueles aspectos diferenciadores de cada unha das linguas, promovendo e revalorizando cada unha delas.

4. REFERENCIAS LEXISLATIVAS E BIBLIOGRÁFICAS

- Decreto 105/2014, Currículo EP.
- Decreto 79/2010 para o plurilingüismo.
- Instrucións de aplicación do Decreto 79/2010.
- Orde 10 de febreiro de 2014, exención Lingua Galega.

5. APROBACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Aprobado polo Consello Escolar con **data ...**